

## Hábitos de lectura para o verán.

Rematou a escola, pero iso non significa que os nenos/as deban deixar de aprender ou ler. O verán é un gran momento para que lean e aprendan cousas novas.

Como pai/nai hai moitas cousas que pode facer para axudalo:

Na casa

- Separe un "tempo para ler" ao planificar as súas actividades de verán.
- Mantéña distintos materiais de lectura na casa, como xornais, revistas, folletos, etc; tamén xogos de palabras, palabras cruzadas ou a sección infantil do xornal.
- Loite contra o aburrimiento con libros interesantes, especialmente en días de choival
- Facilítelle materiais como lapis, papel e cores para que o seu fillo practique a escrita, o debuxo...
- Incentive ao seu fillo a escribir cartas ou postais aos seus amigos ou familiares durante o verán, manter un diario, escribir historias e poemas, facer a lista da compra, copiar unha receita...
- Dar exemplo como lector e que o seu fillo/a o vexa ler o xornal da mañá, escribir a lista da compra...
- Fale sobre o que o seu fillo/a le, o que leu vostede, o que lles gustaba, o seu personaxe favorito...
- Delle ao seu fillo/a a oportunidade de ler en voz alta e practicar as súas habilidades de lectura.
- Se vai estar moito tempo no coche ou na casa, unha opción interesante son os libros en audio.
- Relacione libros coas súas actividades de verán e viaxes. Por exemplo, pode ler un libro sobre dinosauros despois de visitar un museo de historia natural ou unha historia de castelos despois de facer un de area na praia.
- Axudar ao seu fillo a atopar libros relacionados coas súas propias experiencias que o vai axudar a aumentar o seu vocabulario e dar máis sentido ás súas experiencias. Internet pode ser un recurso moi interesante para a búsqueda de información sobre estes temas.

Na biblioteca

- Axúdelle a obter o Carnet de lector da biblioteca Municipal. Ter a súa propia tarxeta de socio vai facerlle ao seu fillo/a sentirse especial.
- Visite á biblioteca con frecuencia e busque programas de lectura de verán. As Bibliotecas poden ser lugares máxicos durante o verán e moitas veces ofrecen programas de verán de lectura, eventos para nenos, como monicreques contacontos. Eles poden ofrecer listas de lectura de verán na idade apropiada.
- Colabore co seu fillo/a a escoller os libros adecuados ao seu nivel. Unha boa forma de determinar se está lendo libros axeitados ao seu nivel é que lea unha páxina do libro que escolla (calquera páxina, excepto a primeira). Se o fai con fluidez e comprende o que leu, o libro pode ser adecuado. Deixe o seu fillo escoller o seu propio material de lectura.
- Aproveite bibliotecas móbiles. A biblioteca municipal de Tui colabora coa piscina en campaña de lectura prestando libros. Calquera tempo é bo para ler.

# BIBLIO DOUS



3º Trimestre  
Curso 2011/12  
Número 3

## Boletín para as familias

### As vacacións de Verán

Queridas familias:



Aquí chega a 3ª publicación do boletín trimestral, no que lles damos conta dos últimos traballos realizados dende os Equipos de Biblioteca e Normalización Lingüística.

Esta publicación estará dedicada integramente as vacacións de verán. Esperamos sexa do seu interese.

## Clásicos renovados



Editorial Osa Menor  
5-8 anos  
Mayalen Gaust



Editorial Planeta  
0-6 anos  
Bénédicte Guettier



Editorial OQO  
0-5 anos  
Iratxe López



Editorial Planeta  
9-14 anos  
Geronimo Stilton

## Boletín de actividades para o verán...

### Recomendamos ler



Ed. Kalandraka  
3-6 anos  
Chema Heras

Ed. Kalandraka  
5-8 anos  
J.A. Ramirez



Ed. Xerais  
5-8 anos  
Ramón Caride



Ed. Xerais  
5-8 anos  
Xabier P. Do Campo



Ed. Xerais  
5-8 anos  
Xabier P. Do Campo



Ed. Kalandraka  
5-7 anos  
Chema Heras

Ed. Galaxia  
9-12 anos  
Pinto-Chinto




Ed. Xerais  
5-8 anos  
Ramón Caride



Ed. OQO  
0-5 anos  
Juan A. Belmontes




Ed. Kalandraka  
5-7 anos  
Chema Heras



Ed. Galaxia  
9-12 anos  
Pinto-Chinto

Ed. Galaxia  
9-12 anos  
Pinto-Chinto




Ed. Kalandraka  
3-6 anos  
Chema Heras

Ed. Kalandraka  
5-8 anos  
J.A. Ramirez



Ed. Kalandraka  
7-9 anos  
Adela Turin



Ed. Kalandraka  
7-9 anos  
Adela Turin



Ed. Kalandraka  
7-9 anos  
Adela Turin




Ed. Kalandraka  
7-9 anos  
Adela Turin

Ed. Kalandraka  
7-9 anos  
Adela Turin

### Películas e estreos



+ de 7 Anos. "Papá, soy una zombi" é unha orixinal película de animación onde zombis, bruxas e outros seres da noite conviven nunha aventura máxica, na que Dixie, unha nena rebelde e arisca, aprenderá a enfrentarse aos problemas da vida trala súa estancia entre os non-mortos.



Conta a historia dun rapaz de 12 anos que busca o Árbol Trifúla, que lle permitirá gañar o afecto da rapaza dos seus sonhos. Para conseguilo, debe descubrir a historia de Lorax, unha encantadora pero malhumorada criatura que luta por protexer o seu mundo.



Nova versión do conto de Blancanieves. A malvada madrastra mata ao seu marido e destrúe o reino. Blancanieves reclutará entón aos sete ananís para recuperar o trono.

Estreo o próximo  
6 de Xullo



Estreo o próximo  
3 de Agosto

### Varios



Edit. Destino  
11-12 anos  
Jordi Sierra



Ed. Xerais  
9-12 anos  
Anxo Fariña

Ed. Alfguara 5-9 anos VVAA



### Libros Aventureiros

Os alumnos de 6º na súa viaxe a Huelva aproveitaron para liberar os seus libros. Estes foron liberados en Salamanca, Zafra e Béjar.



### Visita na Rede:

[bibliotui2.blogspot.com](http://bibliotui2.blogspot.com)

[edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui](http://edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui)

[concienciaree.blogspot.com](http://concienciaree.blogspot.com)

Grazas a todos/as e ata a próxima!